



## **INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO NA SESIÓN CONSTITUTIVA DA IX LEXISLATURA DO PARLAMENTO DE GALICIA**

16 de novembro de 2012, 11.00h

Señoras e señores deputados,

A tradición di que hoxe non é momento de discursos, senón de agradecementos.

Polo tanto, permítanme dar as grazas en nome dos que acabamos de ser elixidos para formar a Mesa deste Parlamento pola confianza que depositan en todos nós.

Dicía na constitución da VIII lexislatura que, por enriba do que nos separa, únenos a todos algo moito máis importante, que é a paixón e as enormes ganas de traballar por Galicia.

Confío, pois, en que desde o primeiro día sexamos capaces de estar á altura das circunstancias para poder responder adecuadamente ao que as galegas e os galegos agardan de nós.

A nosa Historia ten demostrado que, desde o esforzo compartido, a capacidade de diálogo e o espírito de consenso, podemos construír entre todos unha Galicia aberta, plural e solidaria.

Moitas grazas.



Declárase constituída a IX lexislatura do Parlamento de Galicia en virtude do artigo 5 do Regulamento, constitución que será comunicada ao Rei, ao Senado, ao presidente en funcións da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno de España.

Moitas grazas.

Invito ás súas señorías e ás persoas que nos acompañan a que, postos en pé, escoitemos ou cantemos o himno galego.

(HIMNO GALEGO)

Levántase a sesión.